

CAMBIO de FASE

Mapeo emocional
en Santiago de Compostela durante
as fases da desescalada

13 de xaneiro - 14 de febreiro 2021
Museo do Pobo Galego, Salón de Rexedores



O proxecto nace no período de illamento que vivimos por mor da Covid-19. Nese oasis de tempo suspendido, onde se mesturaban sensacións, lecturas, conversacións e pensamentos, creceu en min a necesidade de facer unha reflexión ao redor do que nos estaba sucedendo como individuos e, en último termo, como sociedade.

Este é un traballo de ensaio fotográfico, pois o proxecto está exposto cun verdadeiro compromiso persoal e social que se retroalimenta co compromiso dos retratados. O que Susan Sontang denomina a calidade de atención - a atención do fotógrafo, a atención do modelo ao acto de ser fotografado - Mostrando así un interese compartido por contar esta historia.

Esta disposición para ser fotografados xorde a partir dun encontro fortuito entre descoñecidos. Por unha banda, eu explicando o proxecto (e en ocasións mantendo longas charlas de reflexión ao redor da situación que estamos a vivir) e, pola outra, os retratados, que deciden de forma voluntaria e altruísta dar resposta en forma de fotografía a unha reflexión común.

O traballo expónse como un mapeo de sensacións, pensamentos, reflexións ao redor da pandemia. Trátase de retratos individuais que se presentan como compendio dun colectivo, como explicación dun feito social común. Por tanto, despois de buscar unha localización, expícolles ás persoas que pasan ao meu lado que estou a realizar un traballo sobre a Covid-19. Ás que deciden pararse a escoitar cóntolles que pretendo crear unha reflexión colectiva a través dos escritos que cada un deles vaia deixando plasmado no meu caderno e que logo fotografo.

O desenvolvemento do proxecto está suxeito ás restricións ás que os cidadáns estivemos sometidos durante as diferentes fases. Por iso circunscríbese a unha área moi determinada, Santiago de Compostela, e a un período de tempo reducido (comecei o 16 de maio e o 14 de xuño de 2020 foi o último día en Galicia da fase 3).

Por tanto, cada un dos detalles ten a súa relevancia:

- Axustar o tempo de realización do traballo coa duración da desescalada para min era importante. As persoas ás que fotografo aínda están coas sensacións a flor de pel, teñen moi presente as vivencias. Creo que deste xeito pódese medir mellor o estado emocional.
- A representación da cidade como un elemento destacado, con entidade propia en cada unha das imaxes. Representación dun espazo concreto, que nos acolle e encérranos á vez: Santiago de Compostela como representación posible de calquera outro lugar.
- As persoas participantes e as súas mensaxes son o eixo central desta reflexión colectiva. Participando dunha serie, repetición, pose moi similar, cada un dos fotografados vai cargando de contido un discurso común, á vez que a súa actitude, xesto e por suposto, frase, fala da súa singularidade. Este feito de repetición funciona en si mesmo como un detonante para fixarnos no particular.



- A distancia, o encadre e o punto de vista tratan de homoxeneizar a mirada para que a mensaxe que cada un dos protagonistas fainos chegar teña a mesma importancia que o anterior. Relevancia que se outorgan uns a outros en canto complementéntanse e vannos cargando de emocións e recordos, soportando así, entre as palabras dunhas e outros, o recordo deste mal soño que é a Covid-19.

Nesta visión tamén hai que ler o que non está: non hai ruído de redes sociais, non hai insultos nin revanchismos, tampouco hai aplausos. Pero si unha sensación de comunidade, de ben común, aderezado con vivencias persoais (das que moitos sentirémonos partícipes), visións particulares, consellos e outras reflexións máis filosóficas.

Aínda que o encontro é aleatorio, a miña intención dende o principio era mostrar unha representación o máis próxima posible á real. Así, ía parando a persoas de distintas idades e dos dous sexos, tentando que houberese equilibrio poboacional. O máis novo que parou é de 16 anos e os maiores pasan de 80 anos. Hai unha lixeira maioría de mulleres que homes.

Eu non interveño na toma de decisión dos participantes de que poñer ou como poñelo, nin na pose ou actitude ante a cámara.

Outra característica importante, ao meu modo de ver, é o uso da lingua, aparecendo reflectidos os dous idiomas oficiais, cunha maioría do galego e unha anecdótica aparición do inglés.

O proxecto está pensado como un xeito de indagación a través do retrato fotográfico, como unha procura de reflexión común que nos leve do individual ao colectivo.

Xoán Crespo

Organiza



Colabora

